

RED ROCKET

Sean Baker, 2021

930

ESTREA EN NUMAX: 13.05.2022 | V.O.S.E. | +18 | 130min

A cinta narra a historia de Mikey Saber, unha antiga estrela do porno que, despois de deixar atrás a súa época dourada, decide regresar á cidade natal en Texas. Porén, os seus veciños non están dispostos a facerlle a volta nada fácil. Ninguén o quere preto de novo. Sean Baker ofrece unha visión realista do chamado soño americano a través duns personaxes que viven da mentira e o desprezo ao outro.

«Un dos mellores filmes do ano.
Unha traxicomedia irresistible coa
que o autor reivindica a marxinados
e invisibles»

Janire Zurbano, CINEMANÍA



Entrevista con Sean Baker: «Retrato a xente que se viu abocada á marxinalidade por causa do capitalismo»

Por Nando Salvà

Red Rocket transcorre durante as eleccións estadounidenses de 2016 e o seu protagonista é un tipo machista, chulo, egocéntrico e embaucador. É tentador asumir que se trata dun alter ego de Donald Trump. A dicir verdade, o filme pretende ser máis ben unha crítica aos políticos e a política en xeral e creo que tamén Hillary Clinton podería sentirse aludida nela. Fíxena coa esperanza de que interpele a todos os sectores da sociedade e de que os anime a falar entre si, porque o meu país nunca estivera tan dividido como o está agora a nivel social e cultural e non creo que poida soportar esta situación moito máis tempo. Pero vamos que eu no espectro ideolóxico tendo a situarme na esquerda. Os meus filmes déixano claro.

Do seu cinema adoita dicirse que trata de desmitificar a idea do Soño Americano. Pero que é o Soño Americano? Non estou seguro. Nos anos 50 a expresión adoitaba aludir á posibilidade de acadar unha vida comfortable e segura pero nalgún momento converteuse nun sinónimo de riqueza e poder. O que non admite dúbida é que os meus filmes retratan a xente que se viu abocada á economía somerxida, a pobreza e a marxinalidade por causa do sistema capitalista. E esa xente medrou crendo que os Estados Unidos é a terra das oportunidades. Obviamente foron enganados.

As traballadoras e traballadores sexuais son unha constante no seu cinema. Por que? Porque eses oficios están envoltos nunha dobre moral que me parece terrible. A prostitución, sen ir máis lonxe segue a ser ilegal en todos os Estados agás Nevada. Eu falo deles para reivindicar a humanidade de quen o leva a cabo.

A pornografía ten un grande impacto cultural e iso é algo do que fala *Red Rocket*. É así, cando eu era mozo descubrir o porno era complicado e limitábase a follear algunhas revistas de cando en vez. Hoxe calquera pícaro de dez anos ten acceso descontrolado ao porno en internet e está demostrado que iso condiciona tanto a súa idea xeral sobre o sexo como a actitude que mostrarán no futuro á hora de practicalo. É un problema que a nosa sociedade non está a afrontar, non estamos a asumir a nosa relación co sexo. E non o fai por ese puritanismo hipócrita que xera o asunto.

Tras o éxito que acadou con *The Florida Project* (2017) vostede seguramente podería ter feito un cinema máis mainstream, porén, *Red Rocket* en cando a orzamento é aínda máis pequena. Que sucedeu? Os cineastas adoitamos dar por feito que traballar con máis diñeiro e con actores máis coñecidos nos vai facer a vida un pouco máis cómoda, pero eu debo ser realista e non esquecer que, se co tempo acadei certo éxito artístico, probablemente sexa porque o que se me dá ben é ese cinema pequeno e independente. Dito isto, o certo é que nos últimos estiven traballando nun proxecto moito máis grande. Dedicueime a el durante dous anos e o coronavirus botouno pola borda. No seu lugar xurdiu *Red Rocket*, cuxo orzamento é a cuarta parte do de *The Florida Project*. Por momentos sinto que vou cara a atrás como os caranguexos. Supoño que, se iso é así, así é como debe ser.

Publicado en elperiodico.com



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Florida Project,
Sean Baker.
Cameo [DVD]